

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **1 de febreiro de 2013**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PP; don Antonio Ameijide
- Polo Grupo Municipal do BNG: Paz Abraira
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 25 de xaneiro de 2013.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Zona Rural

- Para a adquisición de materiais para a xestión do alumado público, por importe de 3.000 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Protección da Comunidade

- Para a adquisición de pintura acrílica e de dobre componente, por importe de 5.445 euros.
- Para reparación e mantemento de marquesiñas do bus urbano, por importe de 3.630 euros.
- Para a adquisición de valados e ferramentas para a brigada de sinalización, por importe de 3.025 euros.
- Para a adquisición de letreiros de vinilos para o gabinete de tráfico, por importe de 2.420 euros.
- Para a adquisición de consumibles de ferretería e outros, por importe de 4.235 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 1-02-13.doc

Asunto:

- De Servizos Sociais

- Para a asunción da secretaría da comunidade de propietarios da Rúa San Isidro Labrador, 16, adscrito ó programa de erradicación do chabolismo, por importe de 629,84 euros.
- Para suscripcións anuais ós diarios El Progreso, La Voz de Galicia e El País, para o Centro de Convivencia Díaz de Castro, por importe de 5.060,80 euros.
- Para a compra de pan e artigos de panadería, por importe de 4.000 euros.
- Para a suscripción anual de dous exemplares de “La Voz de Galicia”, para o Centro Social Uxío Novoneira, por importe de 698 euros.
- Para a suscripción anual ó diario: “El Progreso”, para o Centro Social Uxío Novoneira, por importe de 1.108,20 euros.
- Para a suscripcións de prensa e revistas varias, para a Biblioteca do Centro Social de Fingoi, por importe de 2.989,80 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Educación

- Para a publicación da revista de Educación a través da edición de tres números, por importe de 2.200 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Muller

- Para a suscripción anual ós diarios: El Progreso, La Voz de Galicia, El País e revistas xurídicas, para a Casa da Muller, por importe de 1.865,63 euros.
- Para gastos de comunidade dos pisos de acollida, por importe de 2.126,70 euros.
- Para premio derivado do IV Certame de Narrativa: “Entre iguais”, Premio do IV Certame de Fotografía: “Revelando o Machismo”, premio do Concurso de Deseño Gráfico : “Violencia de Xénero”, gastos de Impresión de dípticos e carteis certame de deseño gráfico, gastos de impresión carteis de PVC certame de fotografía e narrativa e gastos de pegada de carteis e reparto de dípticos, por importe de 3.294,70 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Informática

- Para a renovación do mantemento das certificacións de padrón vía Web, por importe de 1.815 euros.
- Para a contratación do mantemento do cluster de Bd e granxa de servidores, por importe de 4.169,66 euros.
- Para a substitución dun módulo de potencia dun SAI do CPD municipal, por importe de 4.489,27 euros.
- Para adquisición dun ordenador portátil, por importe de 918,39 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Cultura

- Para a publicación dun espazo publicitario fixo no diario dixital Lavozdeg Galicia.es durante 9 meses, por importe de 4.900,50 euros.
- Para a impresión de 5.000 pasquines programas simples para distribución en centros educativos, locais comerciais, hostelería... por importe de 705,95 euros
- Para reposición de lámpadas no museo do CIM, por importe de 1.916 euros.
- Para adquisición de fondos bibliográficos, por importe de 4.000 euros.
- Para a suscripción anual ós diarios: La Voz de Galicia, El Progreso, El Correo Gallego, para a Biblioteca Municipal de Lugo, por importe de 2.225,80 euros.
- Para a impresión de entradas para a XIII Mostra de Teatro Clásico de Lugo, por importe de 1.004 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- De Taller de augas

- Factura número A 1113, presentada por SANEAMIENTOS RIGA, S.L., por importe de 839,40 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Sociais

- Factura número 12/079, presentada por HOSTAL PARRILLADA "PORTA DE SANTIAGO", por importe de 572 euros.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 1-02-13.doc

Asunto:

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Policía Local

- Factura número 001-844/2012, presentada por LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA, por importe de 476,61 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente

- De Servizos Sociais

- Factura número 40, presentada por LUCUS MARKET, S.L. UNIPERSONAL, por importe de 533,34 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Augas

- Factura número 263, presentada por CANALUGO, S.L., por importe de 653,40 euros.
- Factura número 267, presentada por CANALUGO, S.L., por importe de 825 euros.
- Factura número OB-2013002, presentada por ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 641,49 euros.

Estas facturas foron ditaminadas favorablemente.

Fóra da orde do día presentanse as seguintes propostas de gasto ditaminadas favorablemente:

- De Alcaldía

- Para publicación no xornal El Progreso de anuncios oficiais de impostos, taxas e prezos públicos, por importe de 4.911,39 euros.
- Para a publicación no xornal El Progreso, dun Bando da Alcaldía co motivo do Entroido, por importe de 1.270,50 euros.
- Para a publicación no xornal La Voz de Galicia, dun Bando da Alcaldía co motivo do Entroido, por importe de 605 euros.

- De Xuventude

- Para a contratación de publicidade do programa +XTI, por importe de 7.000 euros.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:35 horas no lugar sinalado no encabezamento.